



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Isaac Xubín

[Ramón Nicolás](#) 10 Outubro 2016

1.– Principal trazo do seu carácter?

– É doado facerme rir.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

– A actitude. Que sexan quen de manter o ritmo da conversa ao mesmo tempo que beben. Todo o que paga a pena na vida é cuestión da proporción correcta: empatía.

3.– Que agarda das súas amizades?

– Nada.

4.– A súa principal eiva?

– Ás veces penso que o tempo é infinito e claro, calculo mal, a fórmula non funciona e a proporción sae escarallada, o ritmo non ten a textura axeitada.

5.– A súa ocupación favorita?

– Moitas. Pero agora ocórreseme unha: Entrar nunha librería de segunda man ben armado, cun billete de vinte libras. Ir co libro a un pub e pedir unha pinta de *red ale* e un *scotch egg*. Ler.

6.– O seu ideal de felicidade?

– Esperto, durante uns intres non sei onde estou, abro os ollos e arrecende a café acabado de facer. Entón lembro. É sábado, estou en Pontevedra e sei que miña nai está na cociña. Escóitola falar. / É xoves, as cinco e media da tarde, e vou buscar á Núria á facultade, paseamos. / Atopo a Aitor en Vigo e subimos ao Fiat vermello, escoitamos Kortatu mentres viaxamos. / Vou mercar lambetadas para Leila e Amaro. Despois limítome a mirar os ollos grandes que teñen. /Xogar ao fútbol con César, estamos no mesmo equipo, gañamos, claro, porque eu consigo o balón para pasarllo, el fai os regates necesarios, é o mellor.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

– Morrer sen saber tocar o acordeón ou facerme vello antes de ver en persoa *Il Pugile del Quirinale*.

8.– Que lle gustaría ser?

– Hoxe estou contento, mañá xa verei se cambio.

9.– En que país desexaría vivir?

– Non lembro absolutamente nada de Espinosa de los Monteros, aló vivían meus pais cando nacín e marchamos cando tiña eu dous anos. Astorga é o silencio, lembro con claridade o silencio da tarde e a suor da enfermidade, os primeiros ataques de asma, as vexetacións e aquel hospital de León, o feito de non poder respirar. Salvoume a vida un estudante de medicina que estaba a facer a mili. Gijón é a praia de San Lorenzo, eterna, o balonmán e, por primeira vez, a consciencia de estar a vivir fóra: ‘Gallego’. Bilbo, Gasteiz, Compostela, Cork, Sheffield, Almacelles,... hai tempo que crucei unha liña vermella, a liña de non poder responder a esta pregunta, creo que podo ser feliz e calquera lugar en que me propoña vivir.

10.– A súa cor favorita?

– Durante unha época en que os tres estados se disputaban o protagonismo no mar, as bandeiras de España, Francia e Inglaterra eran brancas, un feito que, sobre todo un día sen vento, imposibilitaba saber se aquel barco ao lonxe era amigo ou inimigo. Os españois puxéronlle a solución que coñecemos e os ingleses crearon unha bandeira ‘de guerra’, completamente vermella e coa cruz de San Xurxo nun recuncho. Foi esa bandeira a que ergueron os obreiros ingleses para amosar que estaban ‘en guerra’: a cor vermella.

11.– A flor que máis lle gusta?

– A flor do toxo, por ser o escudo da Federación Galega de Rugby. *My lovely rose of Clare*, que non se debe confundir con outra que me gusta: a rosa branca de York, pola derrota. As hortensias en Xubín que xa nunca máis serán. As flores da buganvilea que lle regalou miña nai ao seu irmán xemelgo e agora a coitada cando pasa por diante dela suspira e di: “Ai! Esta buganvilea!”

12.– O paxaro que prefire?

– Meu irmán, sobre todo meu irmán. Os meus avós paternos, que marcharon a Biscaia, como moitos dos seus familiares, e despois volveron. E os avós paternos da miña nai, os Berrozpe, que abandonaron Navarra e marcharon á Coruña para poder vivir o seu amor. O tío da miña nai, que marchou de Xubín con 14 anos a Alabama e volveu unha soa vez con 50 anos e aquel día miña nai estaba na leira a traballar canda a súa avoa e a señora, ao recoñecelo, o único que pedía, por favor, era que lle limpasen as mans, para non manchar o fillo coa terra. E tamén o de Laboa, claro.

13.– A súa devoción na prosa?

– Non son un devoto, efectivamente, son un partisano: Ferrín.

14.– E na poesía?

– A mestra que me falou das lampreas e os alicerces lexislativos de certos edificios galeses: Chus Pato.

15.– Un libro?

– *A Mathematician’s Apology*, de G.H. Hardy. Lino na biblioteca da Universidade do País Vasco: ‘*Asumo que escribo para lectores que están cheos, ou estiveron cheos no pasado, dun auténtico espírito de ambición. A primeira obriga dunha persoa, e en particular dunha persoa nova, é ser ambiciosa. A ambición é unha paixón nobre que lexitimamente pode presentar dúas formas, había algunha nobreza na ambición de Atila ou de Napoleón, pero a ambición máis nobre é a de deixar tras de si algo que teña un valor permanente.*’

16.– Un heroe de ficción?

– Eu estiven en Hiroshima, diante daquela cúpula que permanece en pé. O Aquiles de Chus Pato, a máquina de guerra, o espírito das leis, nos ollos de Pentesilea.

17.– Unha heroína?

– As cadeas rotas. Ver a luz, proceso. Tese, antítese, síntese, os ollos de Pentesilea: a costureira de Rosalía.

18.– A súa música favorita?

– A Marcha de Brian Boru, un exército que se achega, que pasa por diante de ti e que se alonxa derrotado. *You'll never walk alone*. A muiñeira de Ramelle a percutir no pelexo do tamboril de meu irmán. Queen. Muguruza. Pero debo dicir que sen Iron Maiden eu non sería o que son. Souben da delgada liña vermella, a pantasma da ópera e que era libre, a soidade do corredor de fondo.

19.– Na pintura?

– Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, polo salto.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

– A cuestión é facérllelo saber a todos. A maceira, o barco e a andoriña xa o coñecen, lévoos tatuados. Fálame a rosa e mais a áncora. Sempre seredes ao meu carón comigo, malia que non esteades, levareivos á tumba con orgullo.

21.– O seu nome favorito?

– Non conto o tempo por anos, senón polos lugares en que vivín. Todos os que identifican a miña estirpe, aqueles que apuntan ao futuro. Se poño un espello diante de Pontevedra eu vexo Almacelles. Así que nin sequera un topónimo é quen de describir con eficiencia o paso do tempo.

22.– Que hábito alleo non soporta?

– A impuntualidade. Polo tema do ritmo, a proporción e a empatía.

23.– O que máis odia?

– A impuntualidade. Cando aparecen pola porta eu xa levo media pinta e así non hai quen manteña o ritmo da conversa... non se pode producir a empatía e, polo tanto, non hai identidade.

24.– A figura histórica que máis despreza?

– Os que deron soporte ao relato, os que dan soporte ao relato, os que están sentados sobre as foxas cun sombrero Panamá e odian as sete vogais do seu dialecto.

25.– Un feito militar que admire?

– O desembarco das tropas aliadas, un día de primavera do ano 1945, nas praias de Baldaio, Barrañán e Cambouzas.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

– Non creo nos dons, acredito na repetición e nas posibilidades do adestramento do cerebro medio.

27.– De que maneira lle gustaría morrer?

– Hai uns días en Compostela tiven a oportunidade de sentarme a xantar cun home que me falou abondo sobre este tema. Fíxome subir a outro nivel e decatarme da importancia de algo que xa sabía pero non reparara: a importancia de sermos conscientes do ritmo da respiración ao executar os golpes e ao soñar. Pero teño medo a afirmar e defender en público que estou expedito. Non son mellor ca ninguén.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

– Tranquilo, en proceso de escoita. Transformación. Pero sobre todo, tranquilo.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

– Absolutamente todos menos a impuntualidade.

30.– Un lema na súa vida?

– Ovella que berra, bocado que perde.